

Desenvolvemento territorial

O estudo dos principais aspectos relativos ao desenvolvemento territorial da área de Santiago divídese en dúas partes diferenciadas, nas que se fai referencia a súa dotación de infraestruturas e ao medio ambiente.

Infraestruturas

- Estradas

As principais estradas da área de Santiago son a autopista A-9, que une a capital galega coas cidades de A Coruña e Vigo; a autovía A-54, que comunica Santiago de Compostela co aeroporto de Lavacolla; a vía rápida do Barbanza, VRG11; as estradas nacionais N-120, N-550, N-634 e N-525; e as estradas da rede primaria C-545, C-543, C-550, C-541, AC-403, AC-233, AC-232, AC-412, AC-414, AC-440, AC-234, ACVP0601 e ACVP7305.

Dentro do Plan de Estradas da Xunta de Galicia, podemos distinguir as actuacións que no conxunto da área funcional están postas en servizo de aquelas que están en curso.

As **actuacións postas en servizo** nas dez comarcas da área funcional de Santiago son as seguintes:

1º.- Actuación urbana en Santiago de Compostela saída Noia: Actuación de acondicionamento dun treito urbano de 2.204 m, cun orzamento de 3,7 millóns de euros (traspasada por convenio ao Concello de Santiago).

2º.- Acondicionamento da AC-400 (antiga AC-403 Muros–Santa Comba) entre Muros e Paxareiras. Esta actuación atópase encadrada dentro do Plan de Estradas da Xunta de Galicia na rede primaria complementaria. Ten unha lonxitude aproximada de 10 km, afecta aos concellos de Muros, Carnota e Mazaricos, dando servizo a unha poboación de 35.000 habitantes, e conta cun orzamento de 6,3 millóns de euros.

3º.- **Acondicionamento da estrada AC-404** (antiga C-545) no treito Santa Comba–Zas: Esta vía pertence á rede primaria complementaria da Xunta de Galicia. A actuación ten unha lonxitude 10,5 km, afectando aos concellos de Zas e Santa Comba e dando servizo a unha poboación de 16.974 habitantes. O orzamento é de 6,4 millóns de euros.

4º.- **Nova estrada de conexión da N-550 co AC-301. Variante de Padrón.** Esta estrada encádrase dentro da rede primaria complementaria da Xunta de Galicia e a actuación é sobre 2.268 m da mesma. Os concellos afectados son os de Rois e Padrón, dando servizo a 14.273 habitantes. O orzamento desta actuación ascendeu a case 5 millóns de euros.

As actuacións en curso na área funcional son as seguintes:

1º.- **Acondicionamento da AC-400 (antiga AC-403). Sigrás- Muros, treito A Pereira- Pino do Val.** O treito da estrada obxecto da actuación pertence á rede primaria complementaria da Xunta de Galicia. A lonxitude da actuación é de 12.114 m afectando aos concellos de Santa Comba e Mazaricos e prestando servizo a unha poboación de 35.510 habitantes. O orzamento previsto é de 7 millóns de euros.

2º.- **Variante de Negreira.** O presente treito de estrada encádrase dentro da rede primaria da Xunta de Galicia. O obxecto da actuación é a execución dunha nova estrada que circunvala Negreira evitando que o tráfico do eixo Santiago de Compostela–Muxía teña que atravesar o núcleo da vila. A lonxitude da actuación é de 5.288 m, sendo os concellos afectados os de A Baña e Negreira e servindo a unha poboación de 42.404 habitantes. O orzamento desta actuación ascende a 10,5 millóns de euros.

3º.- **Acondicionamento da AC-550 Cee- Ribeira. Treito Muros–Noia.** Esta actuación ten por obxecto o ensanche e mellora da estrada actual nunha lonxitude de 19,83 Km e cun orzamento de licitación de 6,76 millóns de euros.

4º.- **Autovía AG-59** alternativa á AC-841 e conexión coa rede de alta capacidade de Santiago. **Enlace a Ramallosa–enlace EP-8201.** A actuación consiste na execución dunha autovía de 6,9 Km e 2,8 kms de ramais de enlace que, partindo da N-525 no termo municipal de Santiago de Compostela se dirixe a Pontevea, onde conecta coa actual estrada AC-841 no termo municipal de Teo. A presente actuación corresponde ao treito enlace A Ramallosa–enlace EP-8201, que ten unha lonxitude de 2,4 km, afectando ao concello de Teo e servindo á poboación dos concellos de Santiago, Teo e A Estrada, en total 130.729 habitantes. O prazo de execución proposto é de 18 meses e o orzamento previsto, de 14,1 millóns de euros.

5º.- **Autovía AG-59** alternativa á AC-841 e conexión coa rede de alta capacidade de Santiago. **Enlace EP-8201–Tras do Eixo.** Incluída na mesma actuación xeral analizada no punto precedente, esta actuación concreta actualmente en execución abarca 3,08 km de lonxitude no concello de Teo e conta cun orzamento previsto de 35,56 millóns de euros.

6º.- **Acondicionamento da estrada AC-302, no treito A Pobra–Oleiros (Ribeira):** Este treito de estrada pertence á rede secundaria da Xunta de Galicia, tendo esta actuación o obxecto de mellora-lo acceso ao Hospital do Barbanza dende a Pobra do Caramiñal. A lonxitude total da actuación é de 5.800 metros afectando aos concellos de Ribeira e Pobra do Caramiñal e cun orzamento de 2,8 millóns de euros.

7º.- **Autovía Santiago–Brión e Corredor Pardiñas–As Galanas:** Esta actuación ten unha lonxitude de 12,6 km. e un orzamento base de licitación de 108,8 millóns de euros.

8º.- **Acondicionamento da estrada AC-905** (Arzúa–Límite de provincia–Vila de Cruces). **Treito Arzúa-Porto de Mouros.** Esta vía pertence á rede primaria complementaria da Xunta de Galicia. A lonxitude da mesma é de 9.800 m sendo o concello de Arzúa o único afectado e dando servizo á poboación dos con-

cellos de Sobrado, Boimorto, Arzúa, Vila de Cruces e Silleda, o que implica 27.312 habitantes. O prazo de execución é de 27 meses e o orzamento, de 6 millóns de euros.

• Tráfico aéreo

O aeroporto de Santiago está situado aproximadamente a dez quilómetros ao nordeste da cidade de Santiago de Compostela, nos termos municipais de Santiago de Compostela, O Pino e Boqueixón.

No ano 2005, tal como se desprende do **cadro 6.1.**, o aeroporto de Lavacolla rexistrou un total de 1.800.020 pasaxeiros, un 16,4% máis dos rexistrados o ano anterior. Do total de pasaxeiros rexistrados no ano 2005, o 85,7% proceden do interior do Estado español, fronte a 257.073 movementos de pasaxeiros do estranxeiro.

No que respecta ao volume de operacións, estas acadaron as 23.573 no ano 2005, un 20,1% máis que no 2004. O 81,4% do total das operacións efectuadas correspóndense con movementos de aeronaves cara a ou dende o resto de España.

Finalmente o volume de mercadorías que pasaron ao longo do ano 2005 polo aeroporto de Lavacolla ascendeu a 5,6 miles de toneladas, das que máis do 73% son do mercado interior.

Co obxectivo de adapta-lo aeroporto de Santiago á demanda futura de tráfico aéreo, están previstos por parte de AENA, investimentos para o ano 2006, presupostados en 16,9 millóns de euros e que consisten na construción dunha nova terminal, unha nova torre de control e centro de control de área terminal, a expropiación de terreos, a adecuación de aparcadoiros, no desenvolvemento e mellora do sistema de navegación e en investimentos de apoio e obras menores; investimentos que están xa, nalgúns casos, executados.

O esforzo inversor de AENA no aeroporto de Santiago de Compostela incrementouse no ano 2006 nun 47,4% respecto do ano anterior onde a inversión executada ascendeu aproximadamente a 8 millóns de euros, tal como se mostra no **cadro 6.2.**

• Infraestruturas hidráulicas

Dentro das infraestruturas hidráulicas cabe salienta-lo Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015. Este plan ten como obxectivo fundamental o cumprimento da Directiva Europea 91/271 de 21 de maio de 1991 sobre tratamento de augas residuais urbanas

Segundo a Directiva 91/271, de 21 de maio de 1991, o obxectivo a cumprir a máis tardar o 31 de decembro de 2005 é dispoñer dun sistema de tratamento secundario, en xeral, en aglomeracións de máis de 2.000 h-e.

Para o conxunto de concellos da Área Funcional de Santiago de Compostela, o **cadro 6.3.** mostra o seu estado actual e se cumpren ou non a Directiva 91/271. Neste senso, dentro da área funcional, só existen tres concellos onde non se cumpre a citada Directiva, isto é, onde a aglomeración supera os 2.000 h-e e non existe sistema de tratamento secundario.

Estes concellos son:

– Santa Comba, na comarca de Xallas, aglomeración de 8.800 h-e e existe proxecto redactado para unha nova EDAR.

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

Tráfico aéreo 2004-05: operacións, pasaxeiros e mercadorías no aeroporto de Lavacolla

	2004	2005		05/04
		Total	Interior	Internacional
				(%)
Operacións	19.632	23.573	19.179	4.394
Pasaxeiros	1.544.319	1.800.020	1.542.947	257.073
Mercadorías	4.938.613	3.805.386	2.657.352	1.148.034
Total operacións Galicia	6.514.138	5.644.671	4.231.798	1.412.873
Total pasaxeiros Galicia	1.482.401	1.945.301	1.844.459	100.842
Total mercadorías Galicia	6.507.526	5.591.316	4.117.288	1.474.028

(1) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
Fonte: AENA

Cadro 6.1.

Investimentos executados e Investimentos presupostadas de AENA no aeroporto de Santiago de Compostela 2005-06: distribución por proxecto

Inversión executada 2005		Inversión presupostada 2006	
		(en €)	
Santiago	8.019.698		16.928.000
Desenvolvemento de infraestruturas en zonas de servizos aeroportuarios. Proxectos varios		Nova area terminal	
Desenvolvemento de infraestruturas en zonas de servizos aeroportuarios. Nova torre de control		Nova torre de control e centro de control de area terminal	
Xestión medioambiental do aeroporto. Actuacións medioambientais		Expropiación de terreos	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de pasaxeiros. Edificacións		Adecuación aparcadoiros	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de pasaxeiros. Aparcadoiros, urbanizacións e accesos		Desenvolvemento e mellora de sistemas de navegación	
Mantemento da actividade. Reposición / mantemento e melloras de instalacións		Investimentos de apoio e obras menores	
Seguridade operativa no aeroporto de Santiago.			
Desenvolvemento e actualización tecnolóxica de sistemas.			
Instalacións / equipamentos / proxectos varios (redes multiservizos)			
Total Galicia	16.978.228		43.405.000

Fonte: AENA

Cadro 6.2.

– Aguiño, no concello de Ribeira, aglomeración de 70.000 h-e, e o proxecto dunha nova EDAR está en redacción.

– Arzúa na comarca de Arzúa, aglomeración de 5.000 h-e e existe proxecto redactado para unha nova EDAR.

O estado actual respecto ao cumprimento da Directiva sinalada nos concellos que compoñen a área analizada obsérvase no **cadro 6.3.**, onde se determina a existencia de actuacións na conca do río

• Parques empresariais

Segundo datos da Consellería de Vivenda e Solo, na área funcional de Santiago hai un total de 12 parques empresariais e polígonos operativos (**cadro 6.4.**), cunha superficie de 3,5 millóns de metros

Estado actual do saneamento respecto á Directiva 91/271 nos concellos da área funcional de Santiago de Compostela

	Aglomeración	Poboación (H-E)	Estado EDAR	Estado EDAR	Estado EDAR
Comarca de Muros					
Carnota	Carnota	20.000	Funcionando	2.004	Sí
Muros	Muros	9.000	En execución	2.007	Sí
Comarca de Noia					
Lousame			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Noia	Noia	10.000	En execución	2.007	Sí
Outes	Serra de Outes	3.000	Funcionando	1.995	Sí
Outes	Ponte Nafonso	1.074	Prevista		Sí
Porto do Son	Aguieira	12.754	En execución	2.007	Sí
Comarca de Ordes					
Cerceda	Cerceda	1.000	Funcionando	2.001	Sí
Frades			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Mesía			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Ordes	Ordes	7.500	Funcionando	1.999	Sí
Oroso	Sigüeiro	5.000	Funcionando	2.000	Sí
Tordoia			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Trazo			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Comarca de Santiago					
Ames-Brión	Bertamiráns	13.000	Funcionando	2.000	Sí
Boqueixón	Lestedo	1.158	Prevista	-	Sí
Santiago	Aríns	16.000	En execución	2.008	Sí
Santiago	Silvouta	400.000	Funcionando	1.991	Sí
Teo	Os Tilos	3.334	Funcionando	1.985	Sí
Teo	Pontevea	18.653	En execución	2.007	Sí
Teo-Ames	Calo	9.000	Funcionando	2.002	Sí
Val do Dubra	Bembibre	1.500	Funcionando	2.003	Sí
Vedra	Ponteulla(Galegos)	2.000	Funcionando	2.003	Sí
Comarca de O Sar					
Dobro	Bexo	4.500	En execución	2.007	Sí
Padrón	Padrón	18.000	Funcionando	1.995	Sí
Rois			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Comarca de Terra de Melide					
Melide	Melide	8.500	En execución (15.000HE)	2.007	Sí
Santisó			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Sobrado	Sobrado	600	Funcionando	1.999	Sí
Toques			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Comarca de Xallas					
Mazaricos			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Santa Comba	Santa Comba	8.800	Prevista EDAR nova	Proxecto redactado	Non
Comarca de A Barcala					
A Baña	A Baña	1.000	Funcionando	2.005	Sí
Negreira	Negreira	5.250	Funcionando	1.999	Sí
Comarca do Barbanza					
Boiro	Boiro	20.000	Funcionando	1.994	Sí
Pobra do Caramiñal	Pobra do Caramiñal	30.000	Funcionando	2.003	Sí
Rianxo	Rianxo	10.930	Funcionando	2.003	Sí
Ribeira	Aguíño	70.000	Prevista	Proxecto en redacción	Non
Comarca de Arzúa					
Arzúa	Arzú	5.000	Prevista nova EDAR	Proxecto redactado	Non
Boimorto			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
O Pino			Non existen aglomeracións maiores de 2.000 h-e		Sí
Touro	Touro	2.000	Funcionando	2.005	Sí

Fonte: Augas de Galicia

Cadro 6.3.

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

Parques empresariais operativos na área funcional de Santiago (1)

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Estado	Superficie (en m2)
P.E. de Espiñeiro - Boiro (1ª fase)	Boiro	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Operativo (1ª fase)	241.025
P.E. de Ordes (2ª e 3ª fase)	Ordes	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Operativo (2ª e 3ª fase)	220.625
P.E. de Padrón	Padrón	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Operativo	225.445
P.E. de Santa Comba	Santa Comba	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Operativo	103.991
P.E. de Agualevada	Noia	IGVS	Xestur Coruña	Operativo	78.348
Polígono A Tomada (1ª e 2ª fase)	Boiro	SEPES	SEPES	Operativo	442.966
P.E. de Boisaca	Santiago	SEPES	SEPES	Operativo	596.403
Polígono de Xarás	Ribeira	SEPES	SEPES	Operativo	123.000
Cidade do transporte de Santiago	Santiago	Concello de Santiago	Privado	Operativo	232.376
P.E. Novo Milladoiro	Ames	Privado	Privado	Operativo, en estudo última fase	940.000
P.E. de Boqueixón	Boqueixón	Privado	Privado	Operativo	294.056
P.E. de Madalena	Melide	Privado	Privado	Operativo	214.760

(1) 1º semestre 2006

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo

Cadro 6.4.

Paques empresariais en fase de estudo e trámite na área funcional de Santiago

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Estado	Superficie
P.E. do Barbanza	A Pobra-Ribeira	IGVS		En estudo	1.008.928
Polígono de Porto do Son	Porto do Son	SEA	SEA	En estudo	
Polígono Industrial de O Pino	Pino	Privado	Privado	En estudo	1.000.000
P.E. de Brión	Brión	Xestur Coruña	Xestur Coruña	En trámite	228.000
P.E. de Touro	Touro	Xestur Coruña	Xestur Coruña	En trámite	52.756
P. Científico e Tecnolóxico de Santiago	Santiago	IGVS	Xestur Coruña	En trámite	487.768
P.E. de Espiñeiro - Boiro (2ª e 3ª fase)	Boiro	Xestur Coruña	Xestur Coruña	En trámite (2ª e 3ª fase)	126.575
P.E. de Arzúa (2ª fase)	Arzúa	Xestur Coruña	Xestur Coruña	En trámite (2ª fase)	52.170
Polígono de Carnota	Carnota	SEA	SEA	En trámite	57.000
Polígono de Muros	Muros	SEA	SEA	En trámite	196.207
Polígono de Rianxo	Rianxo	SEA	SEA	En trámite	317.728
Polígono de Sionlla	Santiago	IGVS	IGVS	En trámite	1.323.542

(1) Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves

(2) Suelo Empresarial del Atlántico

(3) Sociedade Urbanística Provincial

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo

Cadro 6.5.

Paques empresariais esgotados na área funcional de Santiago

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Estado	Superficie
P.E. de Arzúa (1ª fase)	Arzúa	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Esgotado (1ª fase)	40.630
P.E. de Ordes (1ª fase)	Ordes	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Esgotado (1ª fase)	78.660
P.E. de Melide	Melide	IGVS	Xestur Coruña	Esgotado (1ª fase)	142.513
P.E. de Oroso-Sigüeiro	Oroso	Xestur Coruña	Xestur Coruña	Esgotado	384.622
Polígono do Tambre	Santiago	SEPES	SEPES	Esgotado	1.058.000

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo

Cadro 6.6.

Outros parques empresariais na área funcional de Santiago

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Superficie
P.E. Picaraña	Padrón	SEGENOR SA	SEGENOR SA	231.118
Polígono de Couso	Ribeira	Concello		300.000
Polígono de Padrón	Padrón	Asistemático		
Polígono de Lavacolla	Santiago			600.000

(1) Sociedade Urbanística Provincial
 Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo

Cadro 6.7.

cadrados. O principal xestor destes parques en canto ao seu número é o Xestur Coruña, cun total de 5 parques empresariais e 869,4 miles de m², seguido da iniciativa privada e SEPES.

A comarca de Santiago é a que acolle o maior número de parques empresariais e a maior superficie, con 4 parques e polígonos industriais e unha superficie de máis de 2 millóns de metros cadrados. O Barbanza conta cun total de 3 parques e polígonos e unha superficie de máis de 800 mil metros cadrados.

Xunto a estes parques e polígonos operativos, na área funcional de Santiago ubícase un só parque empresarial en execución, localizado no concello de Negreira. Este parque está xestionado por Xestur-Coruña e conta cunha superficie de 141 mil metros cadrados. Por outra banda, o **cadro 6.5.** amosa os 12 parques en fase de estudo ou trámite na área funcional de Santiago no ano 2006, dos que tres están en estudo e os nove restantes en trámite; estes nove parques empresariais en trámite existentes na área funcional terán unha superficie aproximada de 2,8 millóns de metros cadrados.

Asemade, o **cadro 6.6.** amosa os principais datos dos parques empresariais e polígonos industriais esgotados, ben na súa totalidade ou nalguna das súas fases, destacando o polígono industrial do Tambre e o parque empresarial de Oroso-Sigueiro, localizados nos concellos de Santiago e Oroso, esgotados na súa totalidade, e os parques empresariais de Arzúa, Ordes e Melide, que teñen esgotada a súa primeira fase.

Medio ambiente

O estudio do medio ambiente na área de Santiago céntrase na análise da situación do solo da área: en primeiro lugar trátase o número de incendios rexistrados na zona, pasando posteriormente a analizar as zonas incluídas dentro da Rede Natura 2000.

No que respecta ao número e superficie afectada polos incendios forestais na área funcional de Santiago, o **cadro 6.8.** mostra que no conxunto das dez comarcas os lumes e superficie total afectada no ano 2005 ascenderon a 1.491 lumes, e 6.000 hectáreas, das que o 32,6% corresponde a superficie arborada (1.958,7 hectáreas) e o 67,4% restante, a superficie rasa (4.040,9 hectáreas).

A nivel comarcal, o maior número de lumes rexístrase na comarca do Barbanza, con 309 lumes no ano 2005, mentres que a maior superficie queimada corresponde á comarca de Muros, onde no citado ano arderon 1.750 hectáreas. Por outra banda, a comarca onde se queimou unha maior superficie arborada foi a de Noia, con 935,4 hectáreas; en concreto, o concello de Lousame, con 528,2 hectáreas arboradas queimadas, e o de Porto do Son, con 348,7 hectáreas, os dous pertencentes á comarca de Noia, son os máis afectados no que a superficie arborada se refire.

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

Lumes e superficie queimada nos concellos da área funcional de Santiago no ano 2005

	Lumes	superficie afectada		
		arborada	rasa (en ha)	superficie total
Comarca de Muros	52	88,82	1.661,11	1.749,93
Carnota	23	45,92	1.302,00	1.347,92
Muros	29	42,90	359,11	402,01
Comarca de Noia	248	935,41	805,70	1.741,11
Lousame	81	528,21	410,06	938,27
Noia	41	54,03	59,73	113,76
Outes	44	4,47	13,12	17,59
Porto do Son	82	348,70	322,79	671,49
Comarca de Ordes	173	55,48	202,34	257,82
Cerceda	22	9,28	30,75	40,03
Frades	11	5,01	6,18	11,19
Mesía	39	10,12	25,58	35,70
Ordes	46	10,67	39,04	49,71
Oroso	17	3,05	8,31	11,36
Tordoia	25	5,82	32,24	38,06
Trazo	13	11,53	60,24	71,77
Comarca de Santiago	252	136,38	177,82	314,20
Ames	46	60,32	48,91	109,23
Boqueixón	7	6,70	6,08	12,78
Brión	34	6,08	25,99	32,07
Santiago	81	32,31	47,31	79,62
Teo	60	10,75	18,27	29,02
Val do Dubra	13	18,05	24,60	42,65
Vedra	11	2,17	6,66	8,83
Comarca de O Sar	37	25,41	33,43	58,84
Dodro	5	0,10	0,71	0,81
Padrón	8	2,60	8,19	10,79
Roís	24	22,71	24,53	47,24
Comarca de Terra de Melide	113	42,72	221,55	264,27
Melide	21	4,61	17,03	21,64
Santiso	10	6,75	13,66	20,41
Sobrado	27	8,12	62,93	71,05
Toques	55	23,24	127,93	151,17
Comarca de Xallas	184	42,67	262,38	305,05
Mazaricos	76	30,20	167,03	197,23
Santa Comba	108	12,47	95,35	107,82
Comarca de A Barcala	94	175,25	334,49	509,74
A Baña	27	43,82	25,94	69,76
Negreira	67	131,43	308,55	439,98
Comarca do Barbanza	309	444,71	326,33	771,04
Boiro	86	74,63	119,45	194,08
Pobra do Caramiñal	47	44,38	40,80	85,18
Rianxo	56	74,31	29,46	103,77
Ribeira	120	251,39	136,62	388,01
Comarca de Arzúa	29	11,90	15,79	27,69
Arzúa	4	1,06	3,34	4,40
Boimorto	6	1,97	3,82	5,79
O Pino	11	3,25	2,05	5,30
Touro	8	5,62	6,58	12,20
Total área funcional	1.491	1.958,75	4.040,94	5.999,69
Total A Coruña	3.026	3.561,75	7.189,83	10.751,58

Fuente: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

Cadro 6.8.

A Directiva de Hábitats europea crea a rede ecolóxica coherente de zonas especiais de conservación chamada Natura 2000. Esta rede terá que garantir o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies na súa área de distribución natural dentro do territorio da Unión Europea.

Na área funcional de Santiago destaca a existencia de cinco Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) e dun humidal protexido, o complexo litoral de Corrubedo, no concello de Ribeira, declarado humidal protexido o 7 de xuño do ano 2004 en función do Decreto 110/2004, do 27 de maio, que regula este tipo de espazos naturais.

O complexo húmido de Corrubedo abarca unha superficie de 9.263 hectáreas dos concellos de Ribeira e Porto do Son e está integrado dentro da Rede Natura 2000 como unha zona de especial protección para aves (ZEPA).

A proposta galega de lugares de importancia comunitaria (LIC) está composta por 59 espazos, todos eles declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, de 2 de abril, e 55 están incluídos na lista de LIC da rexión bioxeográfica atlántica aprobada pola Decisión da Comisión de 7 de decembro de 2004.

Dentro da área funcional obxecto de estudio neste informe existen cinco LICs, que son:

- Carnota–Monte Pindo: cunha superficie de 4.674 hectáreas, abarca os concellos de **Carnota, Mazaricos**, Cee e Dumbría. Trátase dun conxunto formado por un sistema de dunas e as súas marismas asociadas e o macizo granítico de Monte Pindo.

- Río Tambre: cunha superficie de 583 ha, abarca os concellos de **Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela** e **O Pino**. A cunca deste río é unhas das maiores de Galicia, cunha extensión de 1.530 km².

- Esteiro do Tambre: cunha superficie de 1.581 ha, abarca os concellos de **Brión, Negreira, Noia, Outes** e **Porto do Son**. Abrangue o treito inferior do río Tambre, o seu esteiro é unha pequena parte da ría de Noia.

- Monte e lagoa de Louro: cunha superficie de 1.096 ha, abarca os concellos de **Carnota** e **Muros**. O monte Louro é un afloramento granítico cuberto por mato e repoboacións de piñeiro bravo e a lagoa está rodeada por un importante anel de vexetación palustre. Todo o conxunto está separado do mar por un sistema dunar ben conservado.

- A Serra do Careón: cunha superficie de 6.662 ha, abarca os concellos de **Melide, Santiso, Toques, Friol** e **Palas de Rei**. É unha serra montañosa caracterizada por presentar cumes aplanados de baixa altitude e pendentes suaves. ■